

(Aprobada en Xunta de Facultade celebrada o 22 de xullo de 2013)

Consideracións previas

Os alumnos, na medida en que as circunstancias da facultade así o permitan, teñen dereito a elixir con qué profesor (dos que compartan encargo docente nunha mesma materia) desexan cursar a materia en cuestión.

Na resolución das solicitudes de cambio de grupo, terase en consideración o estipulado no artigo 20, relativo a “Cambio de Grupo”, da Normativa de Avaliación do Rendemento Académico dos Estudantes e de Revisión de Cualificacións, no cal se fai constar:

“O Consello de Goberno aprobará una normativa xeral sobre cambio de grupo. Entrementes os centros establecerán os criterios tanto para a asignación como para o cambio de grupo. Serán criterios preferentes para a asignación ou cambio de grupo, a posibilidade de conciliar a formación con actividades profesionais, extra-académicas ou familiares para os alumnos a tempo parcial e especificamente os dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero. Tamén poderán considerarse as características das diferentes materias e o número de convocatorias esgotadas polos solicitantes”.

Procedemento

- As solicitudes de cambio de grupo presentaranse na Secretaría do Decanato no prazo ou prazos que se establezan, ao efecto, para cada curso académico.
- As respostas ás solicitudes de cambio de grupo faranse públicas, no taboleiro do decanato, 15 días despois do peche do prazo fixado para a súa presentación na Secretaría do Decanato.
- A presente normativa afecta aos cambios de grupos de clases expositivas. No caso de cambios en clases interactivas, e dada a especial natureza das mesmas, estes deben ser acordados directamente entre o profesor e o/a estudante afectado/a. Cando os cambios afecten tanto aos grupos de clases interactivas como expositivas, deberán contar coa aprobación dos/as profesores/as implicados/as nos mesmos.

Concederanse todas as solicitudes de cambio de grupo nunha materia, sempre que non superen o 10% do total de alumnos adscritos a un grupo.

No caso de superarse a porcentaxe anteriormente citada, terán preferencia aquelas solicitudes que teñan unha xustificación suficiente dos motivos que a xeran e que se relacionen cos “criterios preferentes” que quedan recollidos no texto do artigo da Normativa de Avaliación do Rendemento Académico dos Estudantes e de Revisión de Cualificacións anteriormente citado.

Asemade, terán preferencia os alumnos que tiveran cursado a materia da solicitude con un mesmo profesor a lo menos dous cursos académicos, e que soliciten cambiar a outro docente.

As solicitudes realizadas polos alumnos dos diferentes programas de intercambio que estean a realizar un curso académico no centro serán informadas favorablemente en todos os casos.